
MEMORIA
ANUAL
2009

verdegaia 

INTRODUCCIÓN

Esta é a memoria resumo do cuarto ano de actividade da asociación ecoloxista Verdegaia. Esta memoria xorde da aplicación consciente de dous puntos recollidos nos Principios de Organización e Traballo que Verdegaia aprobou na súa asemblea constituínte, aló polo 2006:

1. **O Principio de comunicación e imaxe fiel na información** que recolle entre outros a obriga de facer pública unha memoria anual na que se recollerán as principais actividades e logros, as fontes de financiamento, os gastos, a evolución do número de socios/as e a relación de entidades coas que colaboramos.
2. **O Principio de transparencia e pluralidade do financiamento** que sinala a obriga de divulgar as fontes de financiamento e as cantidades achegadas por cada unha delas.

Ámbolos dous principios foron formulados dende o entendemento de que a nosa asociación debe ficar aberta á sociedade e de que debemos dar contas do noso traballo diante dela con total rigor e transparencia.

QUEN SOMOS?

Verdegaia é unha asociación ecopacifista galega sen ánimo de lucro, plural, democrática, apartidaria e independente. Naceu 2 de Abril de 2006 co obxecto de contribuír desde Galiza para a defensa do ambiente e o avance na transformación social e mundial en termos de sustentabilidade ecolóxica, xustiza social e paz, na procura dunha saída emancipatoria á crise ecolóxica global.

O noso estilo de traballo responde a un conxunto de principios que procuran, como dixemos anteriormente, a transparencia, o rigor e a esixencia crítica, a paridade, a planificación, a participación dos socios e socias e o traballo en rede.

Territorialmente, organízase en núcleos de ámbito comarcal. En 2009, Pontevedra incorporouse aos núcleos activos de Verdegaia, sumando xa que logo seis: A Coruña, Ferrol, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. A 31 de decembro de 2009, Verdegaia contaba con 282 socios e socias, dos que aproximadamente unha quinta parte son en maior ou menor medida activistas desta asociación polo seu grao de implicación nas actividades da asociación. O traballo de Verdegaia fundaméntase, xa que logo, no compromiso voluntario, pois carecemos de persoas contratadas.

TRABALLANDO EN REDE

Verdegaia considera fundamental o traballo en rede con outras organizacións, especialmente de carácter ecoloxista, tanto de dentro como de fóra de Galicia, actuando segundo o lema pensando globalmente e actuando glocalmente (local e globalmente), na procura de xerar sinerxias que contribúan ao avance cara a sustentabilidade ecolóxica, a xustiza social e a paz. Por iso facemos parte

da FEG (Federación Ecoloxista Galega) e continuamos a manter unha estreita colaboración coa ONGD Amarante e coa confederación ecoloxista estatal Ecologistas en Acción, da que somos a organización referente en Galiza. Por este motivo tamén participamos na Rede Galiza Non Se Vende, na Plataforma Galega Antitransxénicos, na ISAP (Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos), en ConBici (Coordenadora en Defensa da Bici) ou na Coordinadora Estatal en Defensa do Ferrocarril Público.

QUE FIXEMOS NO 2009?

Verdegaia quere fomentar cambios en valores, políticas e prácticas para avanzar cara a sustentabilidade a través da implicación dunha cidadanía activa disposta a loitar contra a deterioración ambiental. Para acadar estes fins, desenvolvemos o noso traballo organizando e apoiando accións de diferente tipo e en campos moi variados: actividades de sensibilización, denuncias, propostas, mobilizacións,... Aquí presentámosche un breve resumo do traballo que desenvolvemos ao longo de 2009 en diversas áreas temáticas, traballo sobre o que podes obter máis información consultando a nosa web (www.verdegaia.org).

Energía e Cambio Climático

Ao longo do ano 2009 o groso do traballo centrouse no cambio climático do que compre salientar a creación da Alianza Galega polo Clima, promovida por Verdegaia e integrada por Altermundo, Amigos da Terra, Adegas e Greenpeace. Esta plataforma, ao fío do Cumio de Copenaghe en decembro, presentou o Manifesto Galego polo Clima.

Nesta liña de traballo divulgáronse informes sobre o aumento das emisións de GEI globais e do aumento relacionado coas enerxías fósiles. Con motivo do Día da Terra en abril, presentouse unha análise das achegas desde Galiza á mudanza climática, da que seis empresas son responsábeis da metade desta achega.

No eido das propostas elaborouse o documento Por unha economía galega baixa en carbono na que recollemos unha serie de iniciativas enerxéticas e económicas que permitirían dar pasos en firme cara a diminución drástica do nivel de emisións do noso país.

No referido as accións de rúa, aproveitando a celebración da pasada Asemblea Xeral en Ferrol, un grupo de activistas achegáronse a central térmica de As Pontes (ver Ilustración 1), onde construíron o lema “Aquí comeza o Cambio Climático”. Tamén respostamos á convocatoria da Plataforma 350.org para facer o chamamento a reducir as nosas emisións (Ilustración 2) e participamos no Día de Acción Global contra o Cambio Climático organizando unha “pedalada contra o cambio climático” en colaboración coa RA (Ilustración 3).

E finalmente apoiamos e divulgamos tres ciberaccións: Actúa contra a Mudanza Climática, Crise e Mudanza Climática e Polo Pagamento da Débeda Climática

Noutros aspectos enerxéticos, ao longo deste ano posicionámonos en contra do decreto do concurso eólico do bipartito e tamén da actual administración galega (Verdegaia reclama un novo Plano Eólico respectuoso coa natureza) e actualizamos o noso documento base Dez preguntas básicas sobre a enerxía en Galicia

Mobilidade e Transporte

No eido da mobilidade, reiterouse a denuncia pública de insustentabilidade do Plan Move presentado pola administración do PP, que non é máis que un remexido do que xa presentou o bipartito co nome de Plan de Estradas de Galicia e que mantén as mesmas eivas. Presentáronse tamén alegacións ao treito Abadín-Castromaior da autovía A8 e déronse dúas charlas sobre mobilidade, unha en Compostela na Gentalla do Pichel e outra en Vigo, dentro das actividades da Escola Popular Galega.

Paz e Globalización

A actividade da Área de Paz e Globalización ao longo deste ano estivo marcada pola acción en rede e as denuncias e mostras de solidariedade internacional.

Deste xeito, continuamos coa ISAP (Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos), integrada actualmente por 10 entidades e da que fomos impulsores. Estase a articular co proceso ibérico (ASAP Alianza pola Soberanía Alimentar dos Pobos) e conseguiu financiamento da Cooperación Galega, o que lle permitiu organizar unhas Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar. Á marxe da ISAP tamén traballamos a soberanía alimentar en colaboración con Amarante, o SLG e outros colectivos co gallo da semana e día do comercio xusto.

Impulsamos a Rede Anticapitalista (consecuencia do Foro Social Galego) da que fomos e somos parte do grupo dinamizador. Coa Ra! organizamos actos sobre os transxénicos (en colaboración coa PGA), co gallo do Cumio do G8 en L'Aquila e contra a mudanza climática (coincidindo co cumio de Copenhagen). Continuouse a manter actualizado o web de Consomes ou Devoras, recollendo información sobre consumo responsábel.

Participamos na constitución e impulso da asociación Proxecto Fiare-Galiza para unha banca ética, que está agora a dar os seus primeiros pasos. Asinamos e distribuimos un posicionamento sobre Haití e a débeda externa tras o terremoto padecido por este país caribeño, ademáis doutro relativo á débeda ecolóxica de ENCE con Uruguai. Así mesmo mobilizámonos contra o golpe de Estado en Honduras xunto con Amarante e outras organizacións galegas e participamos en palestras e seminarios sobre cooperación e ambiente (para Amigos da Terra e Enxeñaría Sen Fronteiras), compra pública verde (para Amarante) e sobre crise e ecoloxismo (para Arela).

Consumo e residuos

Participamos activamente na elaboración de documento conxunto coa FEG e AdT, *A xestión dos RSU en Galiza, propostas para unha xestión preventiva e sustentábel dos Resíduos Sólidos Urbanos*

□ mantendo xuntanzas posteriormente coa Consellería de Medio Ambiente para súa presentación.

Fíxose un intenso traballo de alegacións, denuncias e seguemento dun verquido continuado de escouras de Ferroatlántica nunha canteira de Brens.

□ Participamos no encontro de Medio Ambiente e Cooperación de Amigos da Terra, coa presentación de Consomes ou Devoras eno Curso de Agricultura Ecolóxica, organizado polo Concello de Teo e o Sindicato Labrego Galego, cunha sesión sobre a compostaxe caseira.

Mantense actualizada e activa a web da campaña Consomes ou Devoras? E o desenvolvemento en solitario ou en colaboración con outros colectivos dos mercadiños de troco de Compostela, Ferrol, Pontevedra e Vigo.

Transxénicos:

□ Ademais de facer parte da Plataforma Galega Antitransxénicos e atender aos medios de comunicación en distintas entrevistas, participamos dentro da P.G.A. na organización da manifestación contra os tranxénicos do 18 de abril en Zaragoza e na celebración do Día da Loita Labrega en Compostela.

Traducimos e divulgamos o informe sobre o millo MON819 *Boas razóns para retirar as variedades de millo MON810 de España* de Ecologistas en Acción.

□ Organizamos un debate sobre os tranxénicos na Universidade de Vigo coa participación de Monsanto, Ministerio de Medio Ambiente, Universidade de Vigo, PGA, e Verdegaia e revisamos as alegacións polos cultivos experimentais de tranxénicos

Biodiversidade

Dentro da área de Biodiversidade, unha das máis amplas de Verdegaia no canto a temáticas tratadas, ao longo de 2009 presentáronse 22 escritos e alegacións sobre distintos temas, salientando as presentadas contra o aproveitamento hidroeléctrico San Pedro II no río Sil, as relacionadas coa ZEPA de A Limia, a solicitude xunto con Ecologistas en Acción á Dirección Xeral de Costas a suspensión de todos os fondos para a rexeneración de praias e instala a cumprir a Lei de Costas e a desenvolver a Estratexia de Sostibilidade da Costa e o Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático e a solicitude de destitución do equipo director-conservador do P.N. Illas Atlánticas pola súa mala xestión.

Así mesmo, presentáronse denuncias ante a Fiscalía de Medio Ambiente de Galicia e ante o xulgado de instrución de Ourense contra Iberdrola por secar o río Sil en Santo Estevo de Ribas de Sil e unha denuncia penal contra o director-conservador do o PN Illas Atlánticas polas obras de construción dunha pasarela en Punta Muxieiro, persoándose Verdegaia como acusación particular.

Tamén realizamos labours de apoio a Asociación Herpetolóxica Española na divulgación e na denuncia na mala calidade dos documentarios Galicia salvaxe da TVG, apoiamos ás mobilizacións contra o porto deportivo de Cabo de Cruz e participamos na recollida de sinaturas pola pesca sostible da AEMS Ríos con Vida, ademais de adherirnos á campaña antitaurina Galicia mellor sen touradas.

□

Educación Ambiental

Ao longo deste ano puxemos en marcha oficialmente o Programa Vai de Roteiros en colaboración cos NC de Verdegaia realizando un roteiro mensual por distintos paraxes galegos de alto valor ambiental.

Seguimos coa labor de estudo de libros de texto dentro do proxecto “O currículo antiecolóxico dos libros de texto” e traballando a publicidade e contrapublicidade mediante a realización obradoiros.

COMUNICACIÓN.

A comunicación tanto interna como externa converteuse nestes catro anos nun dos piares da actividade e da capacidade de incidencia de Verdegaia. A web e as distintas notas de prensa enviadas sitúanos nun posto relevante na atención dos medios de comunicación (fundamentalmente radio e prensa escrita) e das redes sociais de intensa actividade en internet.


En canto a comunicación interna, a creación do Foro de Verdegaia supuxo unha reorganización de todo o proceso de comunicación e debate interno, facilitando unha ferramenta permanente e aberta a toda a asociación para facilitar a participación nos asuntos e temas que traballa Verdegaia. Actualmente máis dun 20 % dos socios e socias son usuarias activas deste publicando este ano un total de 1630 mensaxes sobre 496 temas distintos.

A web verdegaia.org continúa ser o principal vehículo comunicativo da asociación. Ao longo de 2009 38.000 usuarias distintas accederon á web, realizando 204.000 visitas. Este ano comezamos tamén a empregar Facebook como ferramenta de divulgación das nosas actividades. Actualmente hai 924 persoas que reciben información actualizada de Verdegaia a través desta ferramenta.

FINANCIAMENTO

En 2009, ingresamos 17.465,00 € e gastamos 16.577,94 €.

Recibimos un total de 2.262,00 € en subvencións públicas provenientes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, todas elas adicadas a publicacións específicas e salvaguardando o principio de transparencia e pluralidade no financiamento. As actividades propias e a venda de materiais xeraron 4.199 € e recibimos doazóns por valor de 729 €.



AGRADECEMENTOS.

En primeiro lugar, queremos agradecer a confianza e o apoio de todos os socios e socias de Verdegaiia. Tamén queremos dar as grazas a todas as organizacións que traballaron connosco na organización conxunta de diferentes actividades. E tampouco queremos esquecer a colaboración doutras persoas e entidades que nos achegaron a súa valiosa axuda de diferentes xeitos.

Como podes contactar connosco?

Apartado de correos 49. 15780 Santiago de Compostela
info@verdegaiia.org
www.verdegaiia.org